

René Descartes

(La Haye, 1596-Estocolmo, 1650)



Filósofo, matemático e físico francés. Considerado o pai da Filosofía moderna, así como un dos nomes máis destacados da revolución científica.

Como filósofo, quixo fundamentar o seu pensamento no método de tomar un *punto de partida* evidente sobre o que edificar todo o coñecemento.

Foi o creador da xeometría analítica. Nesta disciplina, Descartes principiou tomando un *punto de partida*, o sistema de referencia que usa só rectas perpendiculares entre si que se cortan nun punto denominado *orixe de coordenadas*. Ese sistema de referencia recibe o nome de sistema de coordenadas cartesianas, na súa honra.